

HISTORIA DA BIBLIOSONEIRA

A Bibliosoneira (Proxecto de Biblioteca do IES Terra de Soneira de Vimianzo) integrouse na rede de centros Plambe desde o curso 2008-09 (**4ª convocatoria**), na que permanece ininterrompidamente desde entón grazas, en gran medida, á continuidade dos equipos de Biblioteca do centro, integrados por profesorado e alumnado do IES Terra de Soneira.


Dentro dos proxectos desenvolvidos pola Bibliosoneira, naceu no curso académico 2012-13 o Club de lectura *Letraferit*, nun 1º momento como un Club de lectura virtual e no curso seguinte xa como un Club de lectura presencial para alumnado e profesorado do centro educativo. No curso 2014-15 mantívose e creouse un 2º Club de lectura exclusivamente para o alumnado de 1º da ESO baixo a denominación de *Hora de lectura*. Os 2 grupos de lectura mantéñense desde aquela.

Outro proxecto desenvolvido nestes anos foi o desenvolvemento e a coordinación por parte da Biblioteca do Proxecto Interdisciplinar de 1º da ESO no curso 2014-2015, "*Programa da Biblioteca escolar para a Educación en información e fomento da lectura*". Ao desaparecer esta materia no curso 2015-16, a Biblioteca solicitou que o IES ofertase a materia de Libre Configuración *Investigación e tratamento da Información* para 1º da ESO, tamén baixo a coordinación de membros do equipo da Biblioteca, que continúa ofertándose desde aquela con boa aceptación por parte do alumnado.

Desde o curso 2015-16 en que se iniciou o programa, o alumnado do Equipo da Biblioteca ve recoñecido o seu traballo na mesma a través do *Programa de Bibliotecas escolares solidarias* en forma de horas de voluntariado.

BIBLIOTECA ESCOLAR: INSTALACIÓNS E SERVIZOS

A Biblioteca escolar do IES Terra de Soneira está situada na 1ª planta do Edificio da ESO, en fronte da Sala de Profesores.



Ten unhas dimensións de 100 metros cadrados. A Biblioteca consta de 40 postos de lectura e de 10 postos de ordenador para o alumnado. (engadíronse 3 máis no curso 2017-18 e tamén foi substituído o ordenador do profesor por un equipo novo)



A maiores, dispón de 8 *e-readers*, que utilizan, preferentemente, os Clubs de lectura mais tamén o resto de usuarios da Biblioteca. A Biblioteca está dotada tamén ordenador fixo e portátil, así como de canon e proxector:



O Horario de apertura para o préstamo e devolución de material ou para consulta é nos recreos (10.25 -10.45 e 12.25-12-45) e na 1ª hora da tarde do luns (15.50-16.40), sempre atendidos por membros do Equipo da Biblioteca, profesoras e alumnas. Os materiais impresos e audiovisuais da Biblioteca están ubicados fisicamente na propia Biblioteca, con rotulación específica, e con acceso libre por parte dos usuarios. O alumnado e profesorado dispón de información relativa ao acceso ás fontes e ao préstamo dos materiais mediante as guías impresas e as informacións proporcionadas polo profesorado o e alumnado do Equipo da Biblioteca.



Ao inicio de cada curso escolar o Equipo da Biblioteca realiza unha selección de materiais que se ubican fisicamente nas aulas da ESO, de maneira que cada aula de 1º, 2º 3º e 4º da ESO dispón dunha Biblioteca de aula. Estes materiais poden rotar ao longo do curso. Tamén o inicio de curso, o Equipo da Biblioteca proporciona a cada aula da Eso ou de Bacharelato aqueles materiais que o profesorado solicite (dicionarios, enciclopedias, atlas, etc.).



En horario lectivo a Biblioteca está reservada en determinadas horas para a impartición de aulas. Por exemplo, no curso 2017-18, para as materias de Investigación e tratamento da información (1º da ESO), Valores éticos (todos os cursos) e horas de Reforzo Educativo de 1º e 2º da ESO, segundo consta no Horario de aulas. Nas horas restantes, está a disposición do profesorado para a súa utilización, previa reserva nun horario estipulado ao efecto.

A Biblioteca coordina a elaboración do Proxecto Lector de Centro e do Plan Anual de Lectura xunto cos departamentos didácticos do IES e realiza a memoria final co seguimento das actividades deseñadas neles.